

Que é un texto?

*Calquera mensaxe oral ou escrita,
organizada e portadora de información,
que estea concluída e sexa autónoma.*

Exemplos

- ▶ Unha palabra: **Socorro!** **Parabéns!**
- ▶ Unha frase: *Por favor!* *De acordo!*
- ▶ Unha oración: Non veño cear.
- ▶ Conxunto de parágrafos de maior ou menor extensión: **un libro**

Clases de textos segundo a intención comunicativa

- ▶ **Narrativo:** conta a historia que lle sucede a un ou a varios personaxes (Ex.: resumo do argumento dunha película).
- ▶ **Descritivo:** mostra as características dunha persoa, dun obxecto, dun lugar... (Ex.: as indicacións que lle damos ao dependente dunha tenda sobre a saia que desexamos).
- ▶ **Expositivo:** explica un tema para que se comprenda mellor (Ex.: a unidade sobre o aparato dixestivo do libro de Ciencias).
- ▶ **ARGUMENTATIVO:** presenta unha serie de razoamentos para manter unha afirmación (Ex.: unha opinión defendida con argumentos nun debate).

Clases de textos

segundo o tema e a canle de transmisión

- ▶ **Literarios, humanísticos, técnico-científicos, periodísticos, publicitarios, xurídico-administrativos.**
- ▶ **Orais e escritos.**

Actividade 1

Ordena alfabeticamente os tipos de texto e poderás recordar a súa definición correcta:

Expositivo	presenta unha serie de razoamentos para manter unha afirmación
Narrativo	mostra as características dunha persoa, dun obxecto, dun lugar...
Descritivo	explica un tema para que se comprenda mellor
Argumentativo	conta a historia que lle sucede a un ou a varios personaxes

2. Indica a afirmación correcta:

- a) O texto narrativo mostra as características dos obxectos e dos lugares*
- b) O texto expositivo explica un tema para que se comprenda mellor*
- c) O texto argumentativo explica un tema para que se comprenda mellor*
- d) Todos os textos descritivos son literarios*

3. Indica se os textos seguintes son literarios ou non literarios:

Persoal sanitario da Coruña e Vigo volve saír á rúa contra os recortes

Maniféstanse a favor da sanidade pública e contra a privatización. No CHUAC exixen máis persoal para unhas Urgencias "desbordadas" e na cidade olívica protestan pola localización do laboratorio no Meixoeiro e non no novo hospital.

<http://praza.gal/>

A que sabe o egoísmo?

A coche sen rodas.
A colexio sen alumnos.
A cor negra.
A xogos sen amizade.
A vendedor sen cliente.
A goma sen lapis.
A can con pulgas.
A médico sen doentes.
A auga salgada.
A noite sen fin.
A luz sen brillo.
A mundo sen habitantes.

<http://larpeirandopalabras.blogspot.com.es/search/label/as%20nosas%20creaci%C3%B3ns>

Exposición desde 2014

A moeda romana como documento

A colección numismática do Museo do Castro de Viladonga

A exposición consta de seis paneis nos que se explica con imaxes e textos a orixe da moeda, o seu proceso de fabricación e os elementos que a compoñen. A colección de moedas do Museo do Castro de Viladonga é analizada nesta mostra: resúmense os tipos de moedas e etapas históricas representadas, que van do século I a.C. ata finais do IV d.C. Un gran panel ilustra a cronoloxía completa desta colección numismática.

<http://museos.xunta.es/gl/exposicions>